

"*RECOLLIDA; Xoias dos nosos antergos*"

ED. MUSICAL - CEIP PLURILINGÜE DA RAMALLOSA

(Formulario - Folla de datos)



- NOME E IDADE DA FONTE (PERSONA QUE GRAVAMOS): FLORINDA PÉREZ MIRÁS, 90 ANOS DE IDADE.

- NOME DA CASA (Toponimia familiar): A DE SEOANE.

- NOME DA PEZA MUSICAL: DESCOÑECIDO

- LUGAR, PARROQUIA E CONCELLO DA RECOLLIDA: BAMONDE (TEO).

- LUGAR ONDE A CANTABAN (De ser outro diferente ao da recollida):

- NOME DO ALUMNO/A QUE FAI A RECOLLIDA E PARENTESCO COA FONTE, (PERSONA QUE GRAVAMOS). MARTÍN BUJÁN 6ºB, BISNETO DE FLORINDA, A MIÑA BISAVOA

- LETRA DA PEZA:

Ai Ruxiña Ruxiña do pelo,
ven comigo malla-lo centeo,
o centeo o centeo a cebada,
ai Ruxiña miña namorada.

Moreniña coma min,
téñoche un ollo botado,
ou as de ser miña morena,
ou eu non ei de ser casado.

"*RECOLLIDA; Xoias dos nosos antergos*"

ED. MUSICAL - CEIP PLURILINGÜE DA RAMALLOSA

(Formulario - Folla de datos)



Anduveches taladando
do que non fixeches,
díchesme un bico na sombra
porque na cara non pudeches.

Chamáchesme moreniña,
á vista de tanta xente,
agora vaime acadar
moreniña para sempre.

Teño unha herba na horta
que se chama Corriola,
para ti falar comigo
fáltache un ano de escola.

Ahora que foi e foi,
nena non teñas pesar,
ahora que foi e foi,
Dios lo ha de remediar.

Se mo deches non mo deras
eu pedir non cho pedín,
déchesllo a quen quixeches
quéresmo culpar a min.

Dame Carmela,
un bico pequeno,
non cho dou queridiño
téñoche medo.

